

**DOCUMENTACIÓN A SOLICITAR POLOS DEPARTAMENTOS PARA A AVALIACIÓN DA
PRODUCCIÓN DE INVESTIGACIÓN DO ANO 2015 (PI 2015)**

En tódolos casos, poderase presentar a documentación acreditativa en formato papel ou dixital.

1. LIBROS

- No caso de obras completas, exemplar orixinal con ISBN ou requisito equivalente do libro do que algún/ha investigador/a sexa autor/a ou editor/a.
- No caso de capítulos de libro, copia do capítulo (como mínimo da primeira e última páxinas) e das páxinas do libro onde se indique toda a información necesaria para a avaliación do mérito. Pode presentarse o exemplar orixinal do libro, se se desexa.
- No caso de solicitar a avaliación neste apartado de catálogos de exposicións, deberase presentar o orixinal ou copia do catálogo onde se indique o título da exposición, lugar e data de realización, número e títulos das obras presentadas. O catálogo ten que ter ISBN ou Depósito legal. Lémbrese que non se valorará o catálogo neste apartado se a exposición completa é valorada na produción de transferencia.
- En tódolos casos, poderase presentar a documentación equivalente en formato dixital, sen prexuízo de que os orixinais poidan ser solicitados para o cotexo.
- No caso de que a editorial de publicación do libro non figure no listado preliminar de editoriais categorizadas pola Comisión de Investigación, deberá enviarse a solicitude de categorización, empregando o formulario correspondente dispoñible, xunto có devandito listado, na web da Universidade, no apartado Investigación << Producción de investigación e Transferencia.

2. ARTIGOS OU TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN PUBLICADOS EN REVISTAS

- No caso de autoría de artigos en revistas
 - Copia do artigo: polo menos a primeira e última páxinas, e follas onde aparezan o título da revista, o ano de publicación, nomes e afiliación das autoras e/ou autores, volume, número, e sumario.
 - Datos da revista, para a súa clasificación como tipo A, B, C ou D.
- No caso de edición de revistas
 - Certificación da revista ou copia das follas da revista onde figure a información do comité editorial.
 - Datos da revista, para a súa clasificación como tipo A, B, C ou D.
- No caso de censor/a de artigos de revistas

- Comunicación da aceptación da revisión e/ou acuse de recibo do envío da mesma.
- Datos da revista, para súa clasificación como tipo A.

En tódolos casos, poderase presentar a documentación equivalente en formato dixital.

Lembramos que non é necesario solicitar á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia a categorización das revistas, xa que se utilizarán directamente as bases de datos indicadas nos criterios de avaliación.

3. TESIS DE DOUTORAMENTO LIDAS NA UNIVERSIDADE DE VIGO OU EN COTUTELA

No caso de teses lidas na Universidade de Vigo, verificarase que os datos están incluídos na aplicación informática, pero non será necesario aportar documentación acreditativa.

No caso de teses lidas noutras Universidades, deberase presentar certificado de lectura das mesmas emitido pola Universidade correspondente, onde se indique como mínimo, o título da tese, o autor/a, o/a director/a ou directores/as, data de lectura, e calificación obtida.

4. PUBLICACIÓNS DERIVADAS DE CONGRESOS

- No caso de conferencias plenarias ou ponencias por invitación, e de comunicacións extensas expresamente premiadas polo Comité organizador ou científico do congreso:

- Follas onde aparezan: nome do congreso, e carácter (nacional ou internacional), lugar e datas de realización, Comité científico e Comité organizador.
- Copia da comunicación (como mínimo a primeira e última páxinas). Non se considerará válido o manuscrito enviado ao congreso para súa aceptación.
- Credencial da invitación ou do premio.

- No caso de comunicacións extensas:

- Follas onde aparezan: nome do congreso, e carácter (nacional ou internacional), lugar e datas de realización, Comité científico e Comité organizador, ISBN ou requisito equivalente.
- Copia da comunicación (como mínimo a primeira e última páxinas). Non se considerará válido o manuscrito enviado ao congreso para súa aceptación.

En tódolos casos, poderase presentar a documentación equivalente en formato dixital.

Lémbrese que non serán valoradas as comunicacións breves ou resumos.

**A DOCUMENTACIÓN QUEDARÁ EN DEPÓSITO NO DEPARTAMENTO ATA O 31 DE
DECEMBRO DE 2017, DATA LÍMITE ESTABLECIDA POLA VICERREITORÍA DE
INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA PARA A COMPROBACIÓN POR MOSTRAXE DOS
MÉRITOS AVALIADOS.**

TODOS OS DEPARTAMENTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO